



Presentacións

PRESENTACIÓN

Xa van alá dez anos desde a fundación da *Revista Galega do Ensino*. Ó longo dos seus trimestres viñemos asistindo con regularidade á aparición de cada número, e, unha vez por curso, á dun magnífico monográfico. Desde o principio tivemos a certeza de que entre as páxinas da RGE atoparíamos traballos que, no momento da súa publicación, respondían ás inquietudes do ensino e dos seus profesionais en cada unha das disciplinas.

Non pode haber logros, melloras ou avances sociais sen unha boa calidade na educación. Ben sabido é que, cando os niveis do ensino baixan, a sociedade acaba por reflectir, de maneira inexorable, o seu retroceso. Un dos medios que a Xunta de Galicia quixo poñer ó alcance dos seus ensinantes, a través da Consellería de Educación e da súa Dirección Xeral de Política Lingüística, foi esta revista, que se considerou, xa nos seus comezos, como posible dinamizadora dunha beneficiosa cooperación entre docentes, sen distinción de comunidades nin países.

Por todo isto, é hoxe enormemente reconfortante atoparse con este número da *Revista Galega do Ensino*, no que se nos ofrece un panorama da traxectoria seguida nas súas páxinas ó longo destes dez anos. Con este número a Dirección da revista quere entregar, sen dúbida, unha pequena pero escollida mostra do que xa constitúe un inxente, ademais de excelente labor que, como documento fidedigno de toda unha década, servirá para lembrar, de aquí en diante, os esforzos de moitos profesores a prol do seu propio perfeccionamento.

Manuel Fraga Iribarne
Presidente da Xunta de Galicia

PRESENTACIÓN

Para a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria resulta unha verdadeira ledicia celebrar o décimo aniversario da fundación da *Revista Galega do Ensino*, que naceu para ser o órgano de expresión dos profesionais que se ocupan de formar ó alumnado.

Nestas páxinas publicaron tanto docentes universitarios como non universitarios, que nos foron achegando á investigación, pero tamén á vida cotiá das aulas, convertindo á decana das publicacións periódicas da Consellería en referente do sistema educativo. Moitos foron os colaboradores que nos honraron coas súas aportacións, desde un amplo elenco de profesores galegos, ata firmas nacionais e internacionais, boa parte das cales figuran no Consello Editorial, constituído por investigadores de acreditado prestixio, como convén para complementar os recoñecidos méritos dos membros do Consello Asesor.

A *Revista Galega do Ensino* serviu de espello, ó longo destes dez anos, das transformacións que se foron producindo no ámbito que lle compete. Xurdiu en decembro de 1993, en pleno desenvolvemento da LOXSE, e foi acollendo as Tecnoloxías da Información e da Comunicación e as demandas que os acelerados cambios sociais eixeron. Hoxe conmemoramos unha década de traballo coa mirada posta nunha nova lei, a Lei de Calidade da Educación, que a bo seguro será obxecto de moitas das páxinas que se teñen que escribir nos vindeiros anos.

Como impulsor entusiasta desta revista, feita para o servizo de todos os que apostamos polo mellor ensino posible, desexo para ela outras varias décadas de éxitos, cando menos.

Celso Currás Fernández
Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

LIMAR

A *Revista Galega do Ensino* saíu por primeira vez á rúa no mes de Nadal de 1993. Agora, con motivo do seu décimo aniversario, ofrécese unha pequena escolma do que nela se foi publicando ó longo dos anos. Este recordo quere responder á boa acollida que lle veñen dispensando desde o seu nacemento os docentes, a quen vai dirixida, e que, como lectores ou articulistas, xustifican a súa existencia. Sen dúbida, a diversidade de tantos saberes e intereses son os elementos que máis pesan á hora de editala.

Unha escolma é sempre algo incompleto. Para facela resultan inevitables certas determinacións que, moi posiblemente, non todos tomarían. Da presente excluíronse os colaboradores de fóra, os números extraordinarios, por non romper – eliminando artigos- o seu carácter monográfico, os artigos sobre Letras Galegas, que quizais formen un volume futuro, e os de publicación máis próxima, por obvias razóns de cercanía temporal. Quíxose, sobre todo, centrar esta memoria no labor do profesorado de Galicia e, cando se puido, en temas propios dela. Pero tamén tivemos a honra de contar con numerosas investigacións de moi ilustres profesores do resto de España e de universidades estranxeiras, e de que algúns figuren no noso Consello Editorial. Para eles, e, desde logo, para aqueles que forman o Consello Asesor, vaia o noso agradecemento.

Mais, como ensinantes, deberíamos comezar por outras gratitudes tamén inesquecibles. Esta revista deriva do interese da Consellería de Educación por proporcionar ó profesorado unha vía de intercambio de coñecementos, pescudas, descubrimentos e novas que se pretenden útiles á hora de continuar coa formación persoal e académica, e trasladar os seus beneficios ós alumnos. A Dirección Xeral de Política Lingüística atende, pola súa parte, a que o galego se siga consolidando como vehículo de expresión dos tan diferentes temas e materias que desde aquí se tratan.

A *Revista Galega do Ensino* faise, polo tanto, coa esperanza de que, mediante o que poidan supoñer de axuda as súas variadas seccións, se estea investindo en mellorar cada vez máis as posibilidades das aulas e as do idioma. Se isto fose así, sería tamén verdade que se acertou co camiño

A DIRECCIÓN